

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026376	Punta Candieira	Cedeira	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0242	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PEDRO COBO DOMÍNGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A programación didáctica do módulo Empresa e Iniciativa Emprendedora desenvólvese partindo do DECRETO 28/2010, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en Instalacións eléctricas e Automáticas.

O ámbito produtivo do século XXI caracterízase polo denominado fenómeno de "globalización", entendida como un proceso dinámico de carácter económico, tecnolóxico, social e cultural a gran escala, consistente na crecente comunicación e interdependencia entre os distintos países do mundo unificando os seus mercados, sociedades e culturas. Ter e desenvolver iniciativas emprendedoras en calquera ámbito da vida social e persoal non é só unha característica das sociedades actuais, é un dos elementos fundamentais para consolidar a senda do crecemento socioeconómico como país e, de xeito individual, como persoa.

Dado o déficit emprendedor da nosa sociedade e das dificultades para xerar e constituír iniciativas, principalmente pro falta de capacitación, xorde a necesidade de fomentar o espírito emprendedor.

Os obxectivos do currículo, e dos módulos, formulados como resultados de aprendizaxe, contidos, organización e metodoloxía, teñen en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do ámbito socioprodutivo, e responden ás características xerais e específicas do nosos alumnado.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

Son algunhas das propias competencias profesionais, persoais e sociais establecidas nos currículos dos ciclos as que xustifican a adecuación deste módulo ás características do ámbito produtivo, xa que a través dos resultados de aprendizaxe permitirán ao alumnado:

- Actuar con autonomía e iniciativa no deseño e na realización de actividades, con respecto ás liñas pedagóxicas e de actuación da institución en que se desenvolva a actividade.
- Elaborar a documentación administrativa consonte á regulamentación, á normativa e aos requisitos da clientela.
- Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización,
- Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e responsable..

A inserción laboral do alumnado sitúase maioritariamente na area socioeconómica da zona. Esta demanda un bo número de especialistas tanto para empregos directos como indirectos, en pequenas e medianas empresas, dedicadas á instalación e mantemento da maquinaria industrial, sistemas automatizados e liñas de conducción, tanto por conta propia como por conta allea.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A iniciativa emprendedora	Ver a necesidade de ter iniciativa para chegar a idea de negocio	4	7
2	Empresa e sociedade	A empresa como sistema relacionada co contorno	5	8
3	Organización da empresa	Como se pode organizar unha empresa	5	8
4	O marketing	Necesidade de aplicar técnicas de marketing para logra o éxito das empresas	6	8
5	Formas xurídicas de empresa	Tipos de empresas que se poden crear	8	13
6	Trámites de constitución	Trámites necesarios para comezar un negocio	7	10
7	Financiación	Como podo obter fondos para crear unha empresa	6	10
8	Nocións de contabilidade	Coñecer nocións básicas sobre contabilidade	8	13
9	Fiscalidade	Coñecer os impostos necesarios que afectan a unha empresa	8	13
10	Xestión Administrativa	Nocións sobre xestión administrativa que é necesaria nunha peme	6	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A iniciativa emprendedora	4

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector das instalacións eléctricas e automáticas.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito das instalacións eléctricas e automáticas, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de instalacións eléctricas e automáticas (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector das instalacións eléctricas e automáticas.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito das instalacións eléctricas e automáticas.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Empresa e sociedade	5

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coas instalacións eléctricas e automáticas e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de instalacións eléctricas e automáticas, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de instalacións eléctricas e automáticas, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Organización da empresa	5

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.3.e) Contidos

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O marketing	6

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.4.e) Contidos

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Formas xurídicas de empresa	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector das instalacións eléctricas e automáticas.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.5.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de instalacións eléctricas e automáticas.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Trámites de constitución	7

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.6 Identifícaronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identifícaronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.9 Inclúise no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.6.e) Contidos

Contidos
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Financiación	6

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de instalacións eléctricas e automáticas tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.7.e) Contidos

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de instalacións eléctricas e automáticas.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector das instalacións eléctricas e automáticas.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Nocións de contabilidade	8

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.8.e) Contidos

Contidos
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Fiscalidade	8

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coas instalacións eléctricas e automáticas, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario f

4.9.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Xestión Administrativa	6

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

4.10.e) Contidos

Contidos
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de instalacións eléctricas e automáticas: documentos administrativos e documentos de pagamento. Coidado na elaboración da documentación administrativo-financieira.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1.- Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.

Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva do módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora son os establecidos no DECRETO 28/2010, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en Instalacións eléctricas e Automáticas. Ditos mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva veñen reflectidos como resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos básicos para cada unidade formativa.

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo profesional do ciclo formativo.

Considérase obrigatoria a entrega dos informes relativos ao proxecto empresarial, tanto de carácter parcial, no seu caso, como o proxecto final.

2.- Instrumentos e criterios de cualificación aplicados.

Combinarase a avaliación mediante probas obxectivas, realización de actividades, casos prácticos, traballos e informes parciais ou fases do proxecto empresarial coa posterior presentación do proxecto empresarial para a posta en marcha dunha pequena empresa do sector empresarial do ciclo formativo. Dito proxecto deberá ser entregado a finais do 2º trimestre do curso para a súa valoración (entendido como a secuencia de todas as fases ou informes parciais entregados e corrixidos ao longo do curso, e que dan resposta ás diferentes actividades propostas na aula) e poder superar o módulo.

Neste senso o proxecto empresarial irase realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados cos resultados de aprendizaxe. Desenvolverase mediante a entrega de fases ou informes parciais ó profesor, quen os revisará e entregará de novo ao alumno/a para a súa rectificación se fose o caso.

O alumno/a deberá levar un Dossier ou Carpeta (en soporte informático) con todas as fases ou informes parciais do módulo entregados e corrixidos, que deberá incorporar ao final ó proxecto empresarial, e tela correctamente disposta tanto para a consulta do alumno/a como para o control do profesor.

O alumno/a deberá efectuar coa dilixencia adecuada e deberá entregar no prazo marcado polo profesor, todas as producións e as fases ou informes parciais que lle sexan requeridos.

Os seguintes instrumentos de avaliación serán comúns para todas as unidades formativas:

- Diario de clase : Observación do traballo na aula e cumprimento do prazo de entrega das producións.
- Probas obxectivas (unha ou varias por trimestre segundo o criterio do profesor, e consistirán en cuestionarios, preguntas e resolución de casos prácticos), realización de actividades, casos prácticos, traballos e informes parciais ou fases do proxecto empresarial, coa posterior presentación do proxecto empresarial para a posta en marcha dunha pequena empresa do sector empresarial do ciclo formativo. Dito proxecto deberá ser entregado a finais do 2º trimestre do curso para a súa valoración (entendido como a secuencia de todas as fases ou informes parciais entregados e corrixidos ao longo do curso, e que dan resposta ás diferentes actividades propostas na aula) e poder superar o módulo.

O peso de ditos instrumentos na avaliación parcial trimestral será a seguinte:

- 10% Observación do traballo na aula, e cumprimento do prazo de entrega das producións. No caso de entrega fora de prazo, permitirase entregar as actividades , casos prácticos, traballos e informes parciais ou finais das fases do proxecto empresarial, ata a data límite establecida polo profesor pero coa perda do 10% correspondente.
- 90% Probas obxectivas presenciais, realización de actividades, casos prácticos, traballos e informes parciais ou fases do proxecto empresarial, coa posterior presentación do proxecto empresarial para a posta en marcha dunha pequena empresa do sector empresarial do ciclo formativo. Dito proxecto deberá ser entregado a finais do 2º trimestre do curso para a súa valoración (entendido como a secuencia de todas as fases ou informes parciais entregados e corrixidos ao longo do curso, e que dan resposta ás diferentes actividades propostas na aula) e poder superar o módulo.

Requerirase un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada proba obxectiva e en cada fase ou informe parcial sobre o proxecto empresarial do sector profesional para alcanzar a avaliación positiva.

A cualificación do módulo será numérica entre 1 e 10, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos. Para acadar unha avaliación positiva o alumno deberá conseguir ou superar os 5 puntos.

A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións de todas as probas obxectivas e todas as fases ou informes parciais do proxecto., feitos e entregados nos dous trimestres. No caso de que a cualificación final do módulo fose inferior a 5 puntos, o alumnado terá dereito a realizar unha proba extraordinaria da avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, que terá un peso do 70% e unha estrutura similar ás probas específicas de avaliación trimestrais, sendo un 30% a valoración do proxecto empresarial. Para a superación do módulo e condición indispensable, e polo tanto considérase obrigatoria, a entrega de todos os informes relativos ao proxecto empresarial tanto de carácter parcial, no seu caso, como o proxecto final, e a súa cualificación positiva.

O alumnado que durante a realización dalgunha proba obxectiva, actividades, casos prácticos , traballos e /ou informes parciais ou fases do proxecto empresarial , ou na realización e presentación do proxecto empresarial realizara calquera acto de copia, suplantación ou cambio, obterá unha puntuación de 1 punto. A sanción afectará a todos os estudantes involucrados: quen copie e quen sexa copiado, por ser responsabilidade do alumnado evitar que a súa proba ou traballo e todo o material avaliabile sexa obxecto de copia. A reprodución total ou parcial de calquera material extraído de internet ou doutras fontes non autorizadas polo profesor , e que sexa utilizado para a avaliación do estudante , se considerará copia.

O módulo desenvolverase de forma PRESENCIAL:

Traballaremos na aula co libro de texto e co material proporcionado polo profesor. Complementarase o proceso de ensino-aprendizaxe coa aula virtual do IES Punta Candieira , co Google Drive e co correo electrónico.

As comunicacións co alumnado serán preferentemete en persoa ou a través da aula virtual , e complementarase co emprego do correo electrónico, o Whatsapp,e cando sexa preciso, a comunicación telefónica.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Recuperación Ordinaria:

O/a alumno/a que non supere unha avaliación parcial, poderá presentarse ós exames fixados polo profesor que abarquen os contidos mínimos das partes que teña suspensas, así como entregar os pertinentes informes relativos ao proxecto empresarial que o docente estime axeitados.

Se, a pesares do proceso de recuperación, algún alumno/a non superase unha avaliación, terá dereito a realizar unha proba final ordinaria que englobe os contidos mínimos das avaliacións que teña pendentes de superación.

Para a superación do módulo e condición indispensable, e polo tanto considérase obrigatoria, a entrega de todos os informes relativos ao proxecto empresarial tando de carácter parcial, no seu caso, como o proxecto final. A súa entrega farase a través da aula virtual do IES Punta Candieira e polo menos 10 días de antelación á data de realización da proba específica da avaliación global.

A proba obxectiva terá un peso do 70% sendo un 30% a valoración do proxecto empresarial, e requirirase un mínimo de 5 puntos sobre 10 tanto na proba obxectiva coma no proxecto empresarial para poder alcanzar a avaliación positiva e facer a media.

A avaliación do módulo considerárase superada cando o/a alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5 sobre 10 puntos. En todo caso, sempre segundo a lexislación vixente.

En canto aos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos de dito alumnado, serán os mesmos que xa figuran detallados na programación para o módulo EIE e para o curso completo. Serán os establecidos no Decreto 28/2010, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en Instalacións eléctricas e Automáticas

Avaliación do alumnado co módulo pendente:

No caso de non acadar unha avaliación positiva no mes de Marzo/Abril, dito alumnado poderá recuperar o módulo pendente durante o período ordinario de realización da FCT e será evaluado na avaliación final de módulos de 2º curso no mes de xuño.

As actividades de recuperación para este alumnado se deseñarán a partir do informe de avaliación individualizado ao que fai referencia a lexislación vixente. As actividades consistirán na realización de traballos, resolución de casos prácticos e actividades, e unha proba obxectiva específica de avaliación global.

A realización dos traballos e das actividades teórico-prácticas serán realizadas polo alumnado pola súa conta, contando sempre coa orientación do profesor. A proba obxectiva terá un peso dun 70% sendo un 30% a valoración do proxecto empresarial e requiríndose un mínimo de 5 puntos sobre 10 tanto na proba obxectiva coma no proxecto empresarial para poder alcanzar a avaliación positiva e facer media.

Para a superación do módulo e condición indispensable, e polo tanto considérase obrigatoria, a entrega de todos os informes relativos ao proxecto empresarial tando de carácter parcial, no seu caso, como o proxecto final, e a súa cualificación positiva. A súa entrega farase a través da aula virtual do IES Punta Candieira e polo menos 10 días de antelación á data de realización da proba específica da avaliación global.

A avaliación do módulo considerárase superada cando o/a alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5 sobre 10 puntos. En todo caso, sempre segundo a lexislación vixente.

O módulo desenvolverase presencialmente.

Traballarase co libro de texto e co material proporcionado polo profesor. O proceso de ensino-aprendizaxe levarase a cabo coa aula virtual do IES Punta Candieira, e ou similar.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua e co que, por razóns de ausencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, que terá unha estrutura similar a proba específica de avaliación global e que, igual que esta, servirá para determinar se o/a alumno/a acadou os mínimos esixibles para cada Resultado de Aprendizaxe.

Esta proba de avaliación extraordinaria requirirá como condición indispensable, e polo tanto considérase obrigatoria, a entrega previa de todos os informes relativos ao proxecto empresarial tando de carácter parcial, no seu caso, como o proxecto final, e a súa cualificación positiva. A súa entrega farase a través da Aula Virtual do IES Punta Candieira e polo menos con 10 días de antelación á data da realización da proba extraordinaria de avaliación.

A proba obxectiva tera un peso do 70% sendo un 30% a valoración do proxecto empresarial, e requirirase un mínimo de 5 puntos sobre 10 tanto na proba obxectiva coma no proxecto empresarial para poder alcanzar a avaliación positiva e facer a media.

Dito alumnado será avaliado de tódolos contidos impartidos ao longo do curso. A avaliación do módulo considerárase superada cando o/a alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5 sobre 10 puntos. En todo caso, sempre segundo a lexislación vixente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación do módulo e da propia práctica docente realizarase periódicamente na aplicación <https://www.edu.xunta.gal/programacions> (por unidade didáctica, semanal, quincenal ou mensualmente) polo propio profesor por comparación ente o planificado e o executado realmente, rexistrando as modificacións necesarias.

Mensualmente, as conclusións do seguimento da programación por parte do profesor comentaranse no departamento de FOL, que servirán de base para a memoria final de curso que se terá que presentar sobre o desenvolvemento da programación do módulo e coas estadísticas sobre cualificacións do alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial, para coñecer a situación de partida dos alumnos e desta forma poder adaptar os contidos para que o alumno logre acadar os resultados de aprendizaxe, farase no primeiro mes de clase, mediante a observación da resposta do alumnado a conceptos básicos.

As conclusións sobre as características, formación previa e capacidades do alumnado serán obxecto de análise na avaliación inicial do Ciclo Formativo. Tamén se contrastará, en relación con este módulo, as competencias básicas en TIC e farase unha sondaxe sobre os conceptos básicos relacionados coa empresa.

Servirán como instrumentos para esta avaliación inicial e observación do alumnado, as actividades realizadas nas primeiras semanas de curso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Está prevista legalmente a posibilidade de flexibilización modular do ciclo formativo, a solicitar antes do 31 de outubro de cada ano académico, para o alumnado con necesidades educativas especiais.

O profesor, independentemente da flexibilización modular, poderá planificar actividades de apoio para aquel alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Ao alumnado que non acadase os obxectivos proporáselle tarefas de apoio para realizar na casa, as cales deberán entregárselle á profesora par a súa corrección e avaliación. En todo caso, o modelo de reforzo estará condicionado polo tipo de necesidade educativa de cada alumno/a , a metodoloxía, a organización da aula, o grao de coordinación entre o profesorado, os profesores e profesoras especialistas de que se dispoña, etc. Ademais, na reunión do equipo docente do Ciclo Formativo exporase a situación deste alumnado , a fin de que en consenso se tomen as medidas necesarias.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais a tratar no módulo profesional ó longo do curso están relacionados co desenvolvemento das capacidades de relación social e comunicativas dos alumnos, entendidas como un complemento necesario e importante a incluír en calquera titulación de tipo técnica.

Os temas transversais concretos a tratar son os seguintes:

- Desenrolar habilidades de relación social e interpersonal.
- Potenciar as actividades comunicativas, de negociación e de traballo en equipo.
- Fomentala motivación.
- Respeto pola natureza e o medioambiente.
- Concienciar sobre a realidade social e económica doutros países e a súa influencia na nosa economía (un mundo global).
- Educación para a igualdade de oportunidades. Sendo o dereito á igualdade un dereito fundamental constitucional, o Estatuto dos Traballadores reconece este dereito á igualdade tanto no acceso ao emprego como nas condicións de traballo. A Lei Orgánica para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes introduce un importante cambio nas relacións laborais entre empresas e traballadores/as.
- Educación Moral e Cívica. Relacionada cos deberes que presiden a relación laboral , recollidos no art. 5.a) os traballadores deben cumprir as obrigas concretas do seu posto de traballo, de conformidade coas regras de boa fe e dilixencia , sendo causa de despido disciplinario e trasgresión da boa fe contractual de acordo co art. 54. 1ºd).
- Educación para a Paz, non á violencia e cooperación. Estratexias coma a participación na toma de decisións , o que conleva unha actitude de respecto hacia outras opinións e a aceptación da opinión maioritaria. Igualmente, no equipo de traballo haberá que traballar de xeito responsable e maduro, aceptando os obxectivos que se han de conseguir , aceptando as consecuencias das propias decisións e asumindo responsabilidades.
- Educación para o emprego das TIC. Todas as unidades didácticas incorporan unha actividade de estratexias de información e comunicación para fomentar o emprego das TIC. Ademais disto, a profesora, a iniciativa propia ou a solicitude do alumnado, poderá fomentar an aual o emprego de programas básicos (tratamento de textos, folla de cálculo, presentación de diapositivas,...)relacionándoo coas distintas unidades didácticas.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares serán as previstas polo Departamento, en correlación con outros Departamentos ou que poidan xurdir durante o curso.

Especialmente as relacionadas cao empresa, o cooperativismo e a emprendeduría.

10.Outros apartados

10.1) Metodoloxía

No desenvolvemento do módulo aplícase a seguinte metodoloxía:

- Activa e participativa, favorecendo as técnicas de estudo e a auto-aprendizaxe.
- En grupo e individualizada, con atención especial aos alumnos e alumnas que tiveran dificultades para alcanzar o nivel esixido.
- Motivadora, que teña en conta os intereses e necesidades dos alumnos e alumnas.

Consecuentemente a docente aplicará as seguintes formas metodolóxicas para a impartición das unidades didácticas e as actividades correspondentes:

- Explicacións breves e esquemáticas dos contidos.
- Exemplificacións de casos prácticos.
- Resolución de actividades.

10.2) Bibliografía

A programación deste módulo estará a disposición do alumnado no departamento.

Ao principio de curso proporcionaráselle un resumo da mesma no que queden explicitados, de xeito claro, os contidos mínimos, os criterios e métodos de avaliación e as actividades de recuperación. Este extracto será colgado na Aula Virtual para que o alumnado dispoña del en todo momento ao longo do curso.

Libro do texto do alumnado:

-Empresa e Iniciativa emprendedora. Actualizado Julio 2022.

Autores: Bruno Jesús García González, Julia Muñoz Gil e M^a Esther Bernabeu García.

Editorial "TulibrodeFP".